

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA 4º ESO
Economía 2019-20

CPI DOS DICES
4º ESO
Economía
19 MAIO 2020

INDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.
B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos

relacionadas co benestar propio e social.económica nacional.	financeiros ao longo da vida.
B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.
▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado.	▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Producións de textos orais de distinta tipoloxía. -Producións de textos escritos de distinta tipoloxía. -Lectura cotiáns, académicos e literarios en soporte dixital e papel. -Probas específicas orais e/ou escritas. -Entrevistas por videochamada. -Observación directa do traballo cotián. -Traballos monográficos. -Actividades do libro de texto.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Diario da profesora. Rexistro de seguimento do caderno do alumnado. Revisión da presentación de textos orais e escritos. Corrección de probas específicas orais e

	<p>escritas de distinto tipo (de desenvolvemento, relación, ordenación, comentario etc.).</p>
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Indicar procedemento para obter cualificación final de curso: A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións. A esta nota poderá sumárselle ata un punto e medio que será o resultado da entrega de traballos e interacción oral durante o período de clases en liña.</p>
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<p>O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación final.</p> <p>Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña (no caso de ser posible) ou pola presentación de traballos escritos de acordo cos estándares imprescindibles recollidos neste documento.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai este curso.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso ampliación)

<p>ACTIVIDADES</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Realización de fichas de reforzo das unidades completadas ata a suspensión das clases presenciais. -Realización de fichas de ampliación de carácter voluntario de cada unidade completada durante o primeiro e segundo trimestre. -Realización de traballos de recuperación para o alumnado con avaliación negativa na primeira e/ou segunda avaliación. -Actividades de interacción oral nas clases en liña. -Realización de traballos escritos focalizados nas solución de problemas, xerar cuestións no propio alumnado e analizar noticias conectando o pasado coa súa realidade.
<p>METODOLOXÍA</p>	<p>Co alumnado con conectividade procurarase replicar, malia todas as limitacións que as circunstancias impoñen, a metodoloxía empregada durante as clases presenciais. Deste xeito, tentaremos facilitar e estimular a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e a adquisición de competencias clave por medio dunha metodoloxía activa e o traballo colaborativo. O alumnado tivo á súa disposición o material electrónico do que xa gozaba antes da suspensión das clases presenciais, e este será a base do traballo durante este terceiro trimestre.</p> <p>Co alumnado sen conectividade procurarase o envío do material a través doutros medios, coma os servizos sociais do concello de Rois.</p>
<p>MATERIAIS E RECURSOS</p>	<p>Plataforma de lectura galiciale. Clases en liña a través de WEBEX MEETINGS E CLASSROOM. Ligazóns a materiais audiovisuais .</p>

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	Tanto o alumnado coma as familias, xa están sendo informadas no momento de modificación desta programación didáctica polos seguintes medios: Abalar móbil. Mensaxería de Edixgal. Correo electrónico. Teléfono. Mensaxería instantánea. A labor inestimable das titorías.
PUBLICIDADE	Páxina web do centro.